



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E DE BENESTAR SOCIAL

OBXECTIVO DO CONTRATO

O Concello da Capela pretende a contratación dos programas denominados:

- “Escolas deportivas municipais”, que se veñen desenvolvendo e que van dirixidas á poboación de calquera rango de idade do concello.
- “Servizo de socorrismo e control de accesos da piscina municipal”, que se desenvolve durante o verán.
- Tamén se inclúen neste contrato as actividades modulares de benestar social, incluídas nos programas de conciliación da vida laboral e familiar e de envellecemento activo.

SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES

As actividades poderán ser canceladas cando non se cubra o mínimo de matrículas establecido para cada actividade ofertada. A suspensión será comunicada ao adxudicatario antes da data de inicio prevista, e non dará dereito a indemnización algunha. Así mesmo, se a actividade fose suspendida unha vez iniciada, por darse de baixa os alumnos matriculados, aboarase a parte dela efectivamente realizada.

CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Unha vez adxudicado o servizo, a empresa queda expresamente obrigada á prestación del baixo as cláusulas de segredo profesional.

Será necesario que o adxudicatario manteña a absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con fin distinto ao que figura neste documento, quedando obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal en todo o que sexa de aplicación coma resultado desta contratación, conforme ao disposto nas normas existentes.

En caso de incumprimento do estipulado, a empresa contratante e o persoal contratado serán responsables das infraccións que se deriven del.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Aerobic-zumba

Ioga

Pilates

Ximnasia de mantemento

Cursos de natación

OBXECTIVO DESTAS ACTIVIDADES

Este é un programa de iniciación ao deporte e de fomento da práctica das actividades físico-recreativas. Polo tanto non se atende ao deporte de competición.

CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO QUE SE HA DE PRESTAR E DO PERSOAL

Os servizos que integran a actividade son os propios da iniciación deportiva e da actividade recreativa, cos conseguíntes controis de asistencia, a transmisión dos valores do deporte e dos hábitos saudables.

As funcións a desenvolver de xeito xeral son as seguintes:

- De docencia e dinamización de actividades culturais nas sedes establecidas no programa das Escolas Deportivas Municipais.
- De coordinación e supervisión das actividades desenvolvidas xunto aos responsables do departamento de deportes.

PERSOAL MÍNIMO

Aerobic-zumba	1 monitor/a
Ioga	1 monitor/a
Pilates	1 monitor/a
Ximnasia de mantemento	1 monitor/a
Cursos de natación	1 monitor/a

REQUISITOS DO PERSOAL

Aerobic-zumba	1 monitor/a
loga	Curso monográfico relacionado coa especialidade (200 h.) ou experiencia en actividade análoga de máis de 3 anos
Pilates	Curso federativo recoñecido
Ximnasia de mantemento	TAFAD
Cursos de natación	TAFAD

MATERIAL

Non será preciso que o contratista aporte material (funxible ou inventariable) para o desenvolvemento das actividades.

ACTIVIDADES RECREATIVAS

PISCINA MUNICIPAL
Socorrismo
Control de accesos

OBXECTIVOS DESTAS ACTIVIDADES

O obxectivo é a prestación do servizo de piscina de verán, principalmente para uso recreativo.

CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO QUE SE HA DE PRESTAR E DO PERSOAL

- As correspondentes ao servizo de socorrismo para os usuarios da piscina municipal
- No caso do control de accesos as tarefas serán as de control e cobro de entradas para acceder ao recinto da piscina municipal
- Vixilancia e control do cumprimento do regulamento de utilización da piscina municipal
- Limpeza dos vestiarios e aseos da instalación

PERSOAL MÍNIMO

Socorrismo	1 socorrista
Control de accesos	1 persoa

REQUISITOS DO PERSOAL

Socorrismo	TAFAD
Control de accesos	Non se esixen

ACTIVIDADES DE BENESTAR SOCIAL

Verán concilia	Para nenos de 3 a 12 anos
Envellecemento activo	Para maiores de 60 anos

OBXECTIVO DESTAS ACTIVIDADES

Os obxectivos principais que se pretenden conseguir son:

- A conciliación da vida familiar e laboral
- Potenciar nos menores as actividades físicas ao aire libre e as súas capacidades artísticas
- Promover un óptimo estado físico, psíquico e social das persoas máis maiores para manter no posible a súa autonomía persoal.
- Promover a autoestima das persoas, potenciando ao máximo as capacidades individuais.
- Promover a realización persoal, evitando o deterioro das habilidades cognitivas, psicomotoras e afectivas das persoas maiores

CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

A empresa adxudicataria terá encomendadas as seguintes tarefas:

- O deseño actualizado para cada período temporal dos obxectivos operativos e dos contidos dos módulos de actividades modulares de benestar social que se relacionan, que se contratarán sempre baixo a perspectiva da innovación, a creatividade, a vida comunitaria e as demandas das persoas que os integran.
- Execución da docencia dos contidos establecidos para cada módulo en cada un dos grupos de participantes e en cada período temporal.
- Monitoraxe e animación das actividades dinamizadoras e lúdicas tales como posibles saídas, excursións, festas, exposicións, etc... planificadas polo concello ou en coordinación coa empresa adxudicataria dentro dos tempos destinados ás actividades contratadas ou fora deles pero en relación con estas.

OBRADOIROS OU ACTIVIDADES A INCLUIR

Verán concilia	Xogos de auga e de presentación, ximcanas, globofexia, xogos predeportivos, xogos deportivos, zumba, maxia, día do hinchable, baile, acuagym, construción de cabanas, excursións e sendeirismo, día da bicicleta, educación vial, froitocultura, macetería creativa, cociña tradicional, día da solidariedade, cupcakes e muffins
Envellecemento activo	Estimulación da memoria, informática e novas tecnoloxías, uso do teléfono móbil, cociña e repostería, manualidades e arreglos florais

PERSOAL MÍNIMO

Verán concilia	1 coordinador/a da actividade con titulación acorde 2 técnicos/as da actividade con titulación acorde 1 monitor/a de prácticas
Envellecemento activo	1 monitor/a coa titulación acorde ao módulo de que se trate

REQUISITOS DO PERSOAL

A empresa adxudicataria disporá dun equipo de recursos humanos suficiente para optar aos servizos ofertados, integrado por figuras profesionais que acrediten documentalmente a titulación académica e a formación complementaria pertinente e si é o caso, a de unha experiencia axeitada nas labores que terán que desempeñar nas distintas actividades.

MATERIAL

O contratista aportará o material necesario para o desenvolvemento das actividades (funxible ou inventarible), independentemente do material específico das instalacións municipais, agás o material de uso individual do usuario.

O secretario-interventor

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

ACTIVIDADE	INSTALACIÓN	HORARIO/DÍA	MESES LECTIVOS	Nº MONITORES	Nº HORAS SEMANAIS	HORAS ANUAIS
Aerobic-zumba	Ximnasio municipal	De 20:00 a 21:00 Luns e mércores	Xaneiro-maio Outubro-décembro	1	2	70
Ioga	Ximnasio municipal	De 19:00 a 20:00 Martes e xoves	Xaneiro-maio Outubro-décembro	1	2	70
Pilates	Ximnasio municipal	De 19:00 a 20:00 Luns e mércores	Xaneiro-maio Outubro-décembro	1	2	70
Ximnasia de mantemento	Ximnasio municipal	De 20:00 a 21:00 Martes e xoves	Xaneiro-maio Outubro-décembro	1	2	70
Cursos de natación	Piscina municipal	De 10:00 a 13:00 Luns a venres	Agosto	1	3	65
TOTAL						345

ACTIVIDADES RECREATIVAS

ACTIVIDADE	INSTALACIÓN	HORARIO/DÍA	MESES LECTIVOS	Nº MONITORES/ PERSOAS	Nº HORAS SEMANAIS	HORAS ANUAIS
Socorrismo	Piscina municipal	De 15:30 a 20:00 Luns a domingo	Xullo-agosto	1	31,50	284
Control de accesos	Piscina municipal	De 15:30 a 21:00 Luns a domingo	Xullo-agosto	1	38,50	347
TOTAL						631

ACTIVIDADES DE BENESTAR SOCIAL

ACTIVIDADE	INSTALACIÓN	HORARIO/DÍA	MESES LECTIVOS	Nº MONITORES/ PERSOAS	Nº HORAS TOTALS
Verán concilia	Ximnasio e piscina municipais	De 10:00 a 13:00 Luns a venres	Xullo	3	66
Envellecemento activo	Centro social ou aqueles outros que designe o concello	Segundo o módulo do que se trate	Xaneiro-marzo Novembro-décembro	1 por módulo	41
TOTAL					107